



BASES XERAIS DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DE 2 PRAZAS PARA A ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE TABOADA: 2 PRAZAS DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR. PERSOAL LABORAL TEMPORAL. XORNADA COMPLETA E A CREACIÓN DE BOLSA DE RESERVA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SAF. DURACIÓN DO CONTRATO: OBRA OU SERVIZO DETERMINADO.

PRIMEIRO. Normas xerais

O obxecto das presentes bases é a selección mediante concurso-oposición de **2 prazas de auxiliar de axuda no fogar** para a área de servizos sociais do Concello de Taboada, en réxime de persoal laboral temporal, mediante concurso - oposición, e anunciando a convocatoria no xornal El Progreso, no Taboleiro de Anuncios do Concello de Taboada e mediante oferta de emprego pública ao servizo .

A habilitación para dar cobertura aos referidos postos é a que figura na "declaración municipal de sectores /servizos prioritarios e esenciais para o exercicio 2017 ", (acordo do Pleno Municipal do 23 de novembro de 2016).

Os postos referidos están adscritos ao Concello de Taboada, área de servizos sociais, e as funcións son as seguintes:

- **Atencións domésticas:** todas aquelas actividades e tarefas que se realizan de forma continua no fogar relacionadas coa alimentación, limpeza, mantemento da vivenda, etc.
- **Atencións persoais:** actividades relativas a facilitar ao apoio social efectivo, tales como compañía, hixiene persoal, acompañamento a xestións e mobilización dentro do fogar.

As presentes Bases tamén teñen por obxecto regular o procedemento para a **creación de Bolsa de Emprego**, referida ao persoal necesario para a cobertura, con carácter temporal, dos postos de traballo obxecto da presente convocatoria, para o caso de baixas ou vacacións.

A vixencia da Bolsa abarca ata o 31 de decembro de 2018.

Ao presente concurso-oposición será de aplicación o previsto na Lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego público de Galicia, nos artigos 177 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; artigos 91 y 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no que se refire a persoal laboral e supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado.

SEGUNDO. Modalidade e duración do contrato e salario.

A modalidade do contrato é obra ou servizo determinado



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

A xornada de traballo será de 40 horas semanais, de luns a domingo. (xornada completa).
Retribucións: 931,45 euros brutos ao mes, inclúe o rateo da paga extra.

TERCEIRO. Definición e finalidade da bolsa.

1. Enténdese por Bolsa de Emprego un sistema de selección para a cobertura das necesidades temporais de persoal.
2. A selección de persoal e a Bolsa de Emprego teñen como fin dotar ao Concello do persoal máis capacitado e preparado seguindo criterios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade nos casos considerados na lei. Así mesmo ten como fin axilizar os procedementos de dotación de persoal en prol dunha maior eficacia dos Servizos Públicos.
3. A Bolsa estará formada por unha lista, ordenada en función da puntuación obtida no proceso selectivo.
4. De cada aspirante consignaranse o seu nome e apelidos, Documento Nacional de Identidade e puntuación obtida.
5. En ningún caso a mera pertenza á Bolsa implicará dereito ningún a obter nomeamento ou contrato laboral, garantíndose unicamente que, cando o Concello considere conveniente a súa utilización, polos motivos expostos na base primeira, respectarase o procedemento de chamamento regulado nestas Bases. En todo caso, o Concello, de forma xustificada, poderá convocar "ex profeso" un proceso selectivo para cubrir postos vacantes ou contratos temporais, aínda que houbese constituída unha Bolsa de Emprego.
6. As retribucións a percibir serán as mesmas que as establecidas para as prazas obxecto da presente convocatoria.

CUARTO. Condicións de admisión de aspirantes

Para formar parte nas probas de selección, será necesario:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin encontrarse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenvolvemento das súas funcións.
- f) Posuír a titulación ou **Certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda no fogar** ou ter realizado a formación requirida para a súa obtención e ter presentado a solicitude de emisión do



título no organismo ao que lle corresponde a emisión, tamén serán válidos os títulos ou certificados de profesionalidade que son válidos para institucións. **Titulacións equivalentes** ou superiores nas ramas socio-sanitaria. Poderán presentarse todos aqueles candidatos que a pesar de non ter a titulación requirida presenten **declaración responsable de ter experiencia** nas labores propias do posto ao a que se presentan, **terán preferencia á hora de ocupar as prazas vacantes as persoas que acrediten ter a titulación, valorando a estes en primeiro lugar a continuación ao restante dos candidatos.**

g) Estar en posesión do carné de conducir (B) e vehículo propio.

h) Posuír o certificado de Celga 2, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, ou obter a calificación de apto na proba de galgo que forma parte da fase de oposición.

Os anteriores requisitos e os específicos que se esixen para a praza deben reunirse con referencia ao último día de prazo de presentación de solicitudes, debendo continuar na súa posesión durante todo o proceso selectivo.

QUINTO. Forma e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Taboada, e presentaranse no rexistro de entrada deste Concello ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, no prazo de **sete días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *diario El Progreso*.

O anuncio publicarase tamén no Taboleiro de Anuncios do Concello.

A solicitude deberá ir acompañada por:

- a) Solicitude de participación anexa a estas Bases.
- b) Fotocopia de DNI.
- c) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- d) Titulación a cal da acceso a convocatoria.
- e) Certificado de celga 2, equivalente ou superior.
- f) Documentación xustificativa dos méritos alegados, incluíndo a vida laboral e copia dos contratos.
- g) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.
- h) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenrolo das súas funcións.



i) Fotocopia do carné de conducir e declaración de estar en posesión de vehículo propio.

A compulsa da anterior documentación deberaa facer o aspirante que resulte seleccionado.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar nas súas solicitudes, podendo demandar unicamente a súa modificación, mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias de solicitude, establecido nas presentes bases.

SEXTO. Admisión de aspirantes

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo de 2 días, coa lista provisional de admitidos e excluídos. Na resolución, que se publicará no Taboleiro de anuncios do Concello, farase constar a causa da exclusión e concederáse un prazo de 3 días hábiles para subsanación. Na mesma publicación transcorrido o prazo de subsanación, aprobaráse a lista de aspirantes admitidos con carácter definitivo, publicándose o anuncio no Taboleiro de Anuncios do Concello. No mesmo anuncio farase constar a designación nominal do Tribunal, así como a citación dos aspirantes para a realización da fase de oposición, sinalando lugar e hora.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de 10 días dende a finalización do prazo para a presentación. Transcorrido dito prazo sen que se ditara resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

SÉPTIMO. Tribunal cualificador

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, oU persoal eventual, nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Os Tribunais Cualificadores estarán constituídos por:

- Presidente.
- Secretario.
- Vogais que determine a convocatoria.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade co artigo 23 e 24



da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

OITAVO. Sistemas de selección e desenvolvemento dos procesos

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

FASE DE CONCURSO (8 PUNTOS)

Nesta fase avaliaranse os méritos alegados por os/as aspirantes no momento de presentar a instancia para tomar parte neste proceso selectivo, tendo en conta el seguinte baremo:

EXPERIENCIA PROFESIONAL: (PUNTUACIÓN MÁXIMA 5 PUNTOS)

- Por cada ano traballado en calquera administración pública (mediante contrato de traballo que deberá aportarse copia e aparecer reflectido na Vida Laboral) en funcións similares as do posto obxecto da presente convocatoria: 0,08 puntos por mes traballado.
- Por cada ano traballado na empresa privada (mediante contrato de traballo que deberá aportarse copia e aparecer reflectido na Vida Laboral) en funcións similares as do posto obxecto da presente convocatoria: 0,04 puntos por mes traballado.

FORMACIÓN: (PUNTUACIÓN MÁXIMA 3 PUNTOS)

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento recibidos relacionados coas funcións a desenvolver:

- Cursos de máis de 50 horas: 0,50 puntos/curso
- Cursos de entre 20-50 horas: 0,20 puntos/curso
- Cursos de menos de 20 horas: 0,10 puntos/curso

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas de acción formativa entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas e puntuarase con 0,10 puntos por curso.

Acreditará este punto mediante a presentación do certificado de profesionalidade ou a través da documentación que acredite a realización da actividade formativa e solicitude do correspondente certificado.

FASE DE OPOSICIÓN 12 PUNTOS

Consistirá na realización de un exercicio que puntuarán como máximo 12 puntos.

O **exercicio** consistirá en contestar de forma oral un ou varios exercicios prácticos e /ou teórico prácticos propostos polo tribunal relacionadas co programa específico reflectido no anexo I que contén o temario da convocatoria. Valorarase a concreción, exactitude e a validez de resolución. O tribunal poderá dialogar e razoar co aspirante analizando o contido das súas respostas e relacionado dito contido con outros incluídos dentro do programa.



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen no Anexo I das presentes Bases.

Proba de galego:

Será obrigatorio a superación dun segundo exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 2, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga 2, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

NOVENO. Cualificación

Tal e como se recolle no apartado cuarto das presentes Bases **baremaranse en PRIMEIRO LUGAR** tanto na fase de concurso como na fase de oposición os méritos dos candidatos que posúan a titulación ou **Certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda no fogar** ou teñan realizado a formación requirida para a súa obtención e teñan presentado a solicitude de emisión do título no organismo ao que lle corresponde a emisión, tamén serán válidos os títulos ou certificados de profesionalidade que son válidos para institucións. **Titulacións equivalentes** ou superiores nas ramas socio-sanitaria. **Cos candidatos deste proceso de selección elaborárase unha primeira lista que será pola se empece a facer os chamamentos para contratar.**

Baremaranse en SEGUNDO LUGAR aqueles candidatos que a pesar de non ter a titulación requirida presenten **declaración responsable de ter experiencia** nas labores propias do posto ao a que se presentan. **Con estes candidatos elaborárase unha segunda lista pola que se farán os chamamentos para contratar unha vez que xa non haxa candidatos dispoñibles na primeira.**

A fase de concurso ten unha puntuación máxima de 8 puntos.

A fase de oposición ten unha puntuación máxima de 12 puntos.

A cualificación final está composta pola puntuación acadada na fase de concurso máis a puntuación acadada polos aspirantes da fase de oposición.

No caso de empate:

Realizarase unha entrevista persoal curricular.



DÉCIMO. Relación de aprobados, presentación de documentos e formalización do contrato

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a formalización dos contratos, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

O órgano competente procederá á formalización dos contratos previa xustificación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

UNDÉCIMO. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesado recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo, a partires do día seguinte ao da publicación do anuncio da Convocatoria no diario El Progreso.

Publíquese esta convocatoria de probas selectivas e a remisión ás súas correspondentes bases no Taboleiro de Anuncios do Concello de Taboada.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local; o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril; e no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, así como as normas aplicables ao persoal laboral contidas no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do emprego público de Galicia.

O presente documento asinase electronicamente en Taboada.



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

ANEXO I

Temario.

Tema 1.- Breve idea da Constitución Española de 1978. Estrutura. Principios Xerais. Dereitos e Deberes Fundamentais.

Tema 2.- Organización Municipal: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.

Tema 3.- Ordenanza municipal reguladora do Servizo de axuda no fogar do Concello de Taboada, publicada no BOP Lugo num. 108, de 13 de maio de 2014.

Tema 4.- Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Taboada, publicada no BOP Lugo num. 108, de 13 de maio de 2014.

Tema 5.- Hixiene e atención sanitaria domiciliaria.

Tema 6.- Administración de alimentos e tratamentos a persoas dependentes no domicilio.

Tema 7.- Atención e apoio psicosocial.



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

ANEXO II

CONCELLO DE TABOADA

I. - DATOS DA PRAZA Á QUE ME PRESENTO:

- DENOMINACIÓN:
- RÉGIME XURÍDICO: PERSOAL LABORAL TEMPORAL

II. - DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI.:	TELÉFONO FIXO: MÓBIL:	
DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	MUNICIPIO: PROVINCIA:	CÓD. POSTAL:

III. - MANIFESTO: que sendo coñecedor da convocatoria para cubrir de maneira temporal a praza de auxiliar de axuda no fogar por:

- Publicación no xornal El Progreso, ou taboleiro de anuncios do Concello de Taboada
- Oferta do Servizo Galego de colocación.

IV. - DECLARO: Que acepto as bases e que son certos os datos consignados na presente instancia de solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

V. - SOLICITO:

Teña por presentada a presente instancia de solicitude dentro do prazo conferido ao efecto, sexa admitido fin de participar no proceso selectivo de concurso- oposición para a provisión de ditos postos, para o que presento e asino a presente solicitude.

Taboada, de de 2017.

(Asinado)

Xúntanse os seguintes documentos:

.....

.....

.....